

# a Vivemar

Cultura marítima e fluvial de Viveiro



Setembro 2018



www.vivemar.gal



A cultura de vilas e cidades defínese no devir do tempo polas experiencias e faceres das súas xentes e a relación que establecen co medio natural do que gozan. No noso caso, regatos, ríos e fontes agasallan os seus caudais ao Río Landro, quen se entrega ao mar Cantábrico facendo espectadora á vila de Viveiro da ría maxestuosa. Algo que sen dúbida labrou a cultura e identidade de Viveiro e dos seus habitantes.

Vivimos tempos nos que semella que a globalización apoderouse do recuncho mais insignificante e o privou da súa propia identidade e da cadea de transmisión de xeración a xeración. É por isto que compre artellar ideas, proxectos e accións que nos acheguen á nosa identidade e nos faga expresar con honestidade, respecto e tolerancia dos nosos veciños e do lugar no que vivimos.

Vivemar é un proxecto sociocultural, expansivo e diverso, de promoción e divulgación do coñecemento e dos valores do mar e os ríos de Viveiro.

Vivemar promóvese dende o Concello de Viveiro para convidar á participación cidadá con diversidade de actividades de achegamento a maiores e pequenos, á vez que pretende ser un novo dinamizador turístico da Vila. Será durante todo o mes de Setembro 2018 cando podamos mergullármonos nas diversas actividades:

Exposicións, Xornadas Gastronómicas, Debates e coloquios, Actividades de participación cidadá, Mercado temático, Mercadiño infantil, Música, Xogos populares, Poesía, Obradoiros de creatividade, Cociñados en vivo, Presentacións, Proxección de audiovisuais

## CINE

Cines Viveiro. Entrada libre, por cortesía da empresa cinematográfica.

### 12.00 h. ARTE E OFICIO DA DORNA

Dir. Vítor Galego. Cadernas da Historia Producións. Documental, 2013. Duración 24 minutos. Apta para todos os públicos

### 12.30 h. TRAÍÑAS

Dir. Vítor Galego. Cadernas da Historia Producións. Documental, 2014. Duración 30 minutos. Apta para todos os públicos

### 18:00 h. SESIÓN DE TARDE

### DOURO FAINA FLUVIAL

Dir. Manoel de Oliveira. FilMOTECA de Portugal. Documentario ficcional, 1931. Duración 20 minutos. Non aconsellable para menores de trece anos

### 19.00 h. AILLADOS

Dir. Antonio Caeiro. Buxo Producións. Documental. Duración 70 minutos

### 20.30 h. O NOVO ENDEM

Dir. Marco F. Gallego. Sagas Producións. Ficción, 2008. Duración 70 minutos. Non aconsellable para menores de trece anos

## EXPOSICIÓNS

As exposicións están organizadas para seren visitadas por viveirenses e visitantes, e tamén enfocadas aos centros educativos do Concello para que, con visitas guiadas organizadas, podan achegarles a cultura marítima e fluvial ao seu alumnado.

### Do 1 ao 30 de setembro

#### EXPOSICIÓN DE ARTES E APARELLOS DE PESCA

Sala de exposicións da Biblioteca Municipal. Horario de visita: de 10.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.00h de luns a sábado.

Inauguración 1 de setembro, coa presenza da alcaldesa María Loureiro, o concelleiro do Mar Jesús Fernández e o patrón Antonio Manuel Fernández Fernández.

### Do 3 ao 30 de setembro

#### EXPOSICIÓN DE MAQUETAS DE EMBARCACIÓNS MARIÑEIRAS

Sala de exposicións do Conservatorio. Horario de visita: de 18.00 a 21.00 de luns a sábado.

Inauguración 3 de setembro.

Obras de Severino Balseiro e outros membros da Asociación de Modelismo Naval e Radio Control.

Durante o mes realizaranse diversas actividades nas que os protagonistas serán os patróns dos barcos da flota de Celeiro. Representados en maqueta por Severino.

O sábado 8 de setembro ás 18:30 h. Juan Pena Candía, patrón do “Siempre David”, representado na maqueta de nome CHOPI. Ao longo do mes tamén compartirán as súas experiencias nos barcos, o capitán Pino da embarcación “Pino Ladra”; ou Santiago Arrizado patrón de “O Mariscador”.

### Do 5 ao 30 de setembro

#### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA DE CULTURA MARÍTIMA

Sala multiusos da Casa do Concello. Horario de visita: de 10.00 a 14.00 h. e de 16.00 a 21.00 h. de luns a sábado

Inauguración 5 de setembro co cronista oficial de Viveiro Carlos Nuevo Cal.

**Martes 11 de setembro ás 18.00 h.**

No adro de Santa María

**OBRADOIROS DE CREATIVIDADE sobre a Historia de MARRUÁN O BARBEIRO da man de Eureka Actividades**

**Venres 14 de Setembro ás 09:30 h.**

Sala multiusos da Casa do Concello

**COÑECIMENTOS, DIVULGACIÓN, CONCIENCIACIÓN DO SECTOR MARISQUEIRO DE GALICIA PARA PEQUENOS AUTÓNOMOS DO MAR**

Financiada pola Deputación de Lugo e organizada por UNIATRAMC Galicia.

**Martes 18 de setembro ás 07:00 h.**

**VISITA GUIADA Á LONXA DE CELEIRO**

Participación libre. Saída e reservas de prazas na oficina de turismo.

**Xoves 20 de setembro ás 17:00 h.**

**VISITA GUIADA ÁS EXPOSICIÓNS DO VIVEMAR**

Participación libre. Saída e reservas de prazas na oficina de turismo.

**Do 20 ao 23 e do 27 ao 30 de setembro VIVEMAR PETISCO**

A gastronomía é parte principal de toda cultura, é por iso que promovemos o pracer de degustar os petiscos mariñeiros da hostelería local. Os hostaleiros do Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro, Hostelería de Celeiro e a Asociación Beiras de Viveiro deseñaron os seus petiscos mariñeiros: un total de 25 locais ofrecerán os produtos mariñeiros fornecidos dende o Porto de Celeiro. Son: ARUME GASTROBAR / GASTROBAR HOTEL URBAN VIVEIRO / ASADOR LA QUINTA / RESTAURANTE CASA PEPI / GASTRO-BAR LOS LEONES / ABADIA CERVEXERÍA / RESTAURANTE O MURO / LA NUEVA FONTANA BAR / CORNELIUS TABERNA GASTRONÓMICA / TIKI BAR BORA BORA / DÉKADA / AS TIXOLAS / GALIPIZZA / TEMPLE BAR / A GRUTA BAR / PIZZERÍA CERVECERÍA SIXTIES / CERVECERÍA NAUTAE / AQUITANIA VINOTECA / O MESÓN / BAR ROLINDES / BAR CELEIRIÑO / O RANCHO CHICO / CHIRINGUITO / ÁNCORA

Cada petisco será a base dunha papela coa cronobiografía de persoeiros de Viveiro e fitos vencellados ao mundo do mar.

**29 e 30 de SETEMBRO**

**VIVEMAR COCIÑA no ESPAZO ITINERANTE MAHOU**

As cociñeiras e cociñeiros de Viveiro mostran o seu arte. Charla informativa sobre o anisakis da man dun profesional e a participación de Porto de Celeiro. Presentación do libro “Conserveiras de Celeiro. A xénese industrial” de Carlos Nuevo e Vicente Míguez

**29 COCIÑADO AO VIVO en COVAS** ás 12:00h no **ParkeMar**, cociñarán: **Iván Pereira** cociñeiro no Hostal Reis Católicos de Santiago de Compostela; **Alejandro Arca** propietario de Arume Gastrobar e membro da Asociación de Cociñeiros da Mariña.

**30 COCIÑADO AO VIVO en CELEIRO** ás 12:00h no **Náufrago**, cociñarán: **Víctor Valenzuela** propietario do Restaurante O Muro e presidente do Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro e **Lola Rouco** de Viveiro e gran amante da cocifa.

**Xoves 27 de setembro**

Sala multiusos da Casa do Concello. Horario: 19:00 h.

**Debate sobre AS CONSECUENCIAS DO PLÁSTICO NO MAR. Medidas de prevención, planeamento de intervencións. Presentación da revista NOVA ARDENTÍA. Da cultura marítima e fluvial.**

Participan: **Gabriele Frein Von Hundelhausen**, técnica de Medio ambiente, na Aula da natureza da Siradel-la, O Grove. Concelleira de Medio ambiente no Concello da Illa de Arousa. Activista alemana-galega a favor do medio natural; **Óscar García**, surfer, fundador da iniciativa medio ambiental Coge3, e presidente do clube Augassantas; **Emilio Ínsua**, coordinador do Consello de Redacción da revista Nova Ardentía. Modera: **Antón Mascato**, coorganizador de Vivemar.

**Venres 28 de setembro**

Sala multiusos da Casa do Concello. Horario: 19:00 h.

**Debate sobre A RESTAURACIÓN DA RÍA DE VIVEIRO**

Participan: **Emilio Carral** da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, responsable do Departamento de Bioloxía Funcional; **Antón López**, arqueólogo subacuático, director do equipo científico do Noroeste de Fedas e da área de patrimonio para Galicia, Cantabria y Asturias; **José Javier Pernas Verdugo**, xefe da Sección de Formación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral en Lugo; e Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro. **José Daniel Cerdeira** biólogo na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.Delegación de Lugo Modera: **Lucas Requeixo**, coorganizador de Vivemar.

**CANTOS DE TABERNA** polos bares participantes no Vivemar Petisco con cantada comunitaria na Praza Maior do Concello do Himno do Vivemar: CATRO VELLO MARIÑEIRO.

**Sábado 29 de setembro**

Praza de Santa María

**Das 10:00 ás 21:00 h.**

**DÍA DE FESTIVIDADE DO VIVEMAR** no que as familias vivan experiencias de achegamento ao mar polas rúas onde transita o recén chamado CAMIÑO DO MAR, que esgalla no conxunto Histórico de Santa María.

**MERCADO DE ALIMENTACIÓN, CONSERVA E ARTESANÍA. Das 10.30 ás 21.00 h.**

Presentación do **PROXECTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, para o vindeiro ano, sobre a Historia de **MARRUÁN O BARBEIRO. Ás 13.00 h.**

**Anxo Moure** contará o seu libro **A MÚSICA DA AUGA. Ás 13.30 h.**

**MERCADIÑO INFANTIL** para que as nenas e nenos experimenten o que é ir de feirante. **Das 17 ás 19 h.**

Cristina Collazo traerá en primicia un espectáculo adaptado para O Vivemar. **“AS AVENTURAS DE PEPA A LOBA NA MARIÑA”. Ás 17.00 h.**

**VISITA GUIADA CAMIÑO DO MAR ás 16:00 h.**

Participación gratuíta. Saída e reservas de prazas na oficina de turismo.

**RECITAL DE POESÍA MAREIRA** na Porta do Perdón de Santa María.

Coa participación de: Olalla Cociña, Jesús Castro, Suevia Figueiroa, Gonzalo Pernas, Xaime Oroza, e Sechu Sende. **Ás 19.00 h.**

**XOGOS POPULARES DE USO PÚBLICO E FAMILIAR**, durante todo o día.